

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS OU ATRACCIÓNS SITUADAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO E INDUSTRIAS RUEIRAS E AMBULANTES.

Artigo 1º. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133 número 2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 58 en relación co artigo 20 da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, (na súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, de 13 de xullo, sobre Modificación do Réxime Legal das Taxas Estatales e Locales e de Reordenación das Prestacións Patrimoniais de Carácter Público), o Concello de Arzúa establece a taxa prevista no número 3 da letra n) do citado artigo 20, pola instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público e industrias rueiras e ambulantes.

Artigo 2º. Feito Impoñible

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, que beneficie de modo particular ós suxetos pasivos e que se produza pola instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público e industrias rueiras e ambulantes.

Artigo 3º. Suxetos pasivos

Son suxetos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades as que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, a favor dos cales se outorguen as licencias por utilización dos aproveitamentos especiais que constitúen o feito imponible desta taxa.

Artigo 4º. Responsables

- 1.- Responderan solidariamente das obrigas tributarias toda-las persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.
- 2.- Os copartícipes ou cotitulares da Entidades Xurídicas ou económicas, a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, responderán solidariamente, e en proporción ás súas respectivas participacións, das obrigas tributarias de ditas Entidades.

Artigo 5º. Beneficios fiscales

1.- O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigadas ó pago da taxa cando soliciten licencia para a ocupación dun local de uso público cos materiais descritos no artigo 1 desta Ordenanza, que resulten necesarios para a prestación dos servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e para outros usos que de maneira inmediata afecten á seguridade cidadán ou a defensa nacional.

2.- Non se aplicarán bonificacións nin reducións para a determinación da débeda tributaria

Artigo 6º. Cota tributaria. Que se actualizará ano a ano na mesma proporción que o Índice de Prezos ó Consumo.

A cota a satisfacer por esta taxa obtense da aplicación das tarifas correspondentes ós apartados seguintes:

Tarifa primeira

- 1.- Licencias para a ocupación de terreos con postos ou casetas de entidades públicas, sociedades, asociacións, casinos,etc, por metro cadrado ou fracción: 0,5 euros ó día.
- 2.- Licencias para a ocupación de terreos destinados a tómbolas, rifas, vendas rápidas e similares, por metro cadrado ou fracción: 0,5 euros ó día.
- 3.- Licencias para a ocupación de terreos adicados a carruseis, aparellos xiradores, cabaliños, xogos de cabaliños, coches de choque, e en xeral calquer clase de aparello de movemento, por metros cadrados ou fracción: 0,5 euros ó día.
- 4.- Licencias para a ocupación de terreos destinados a espectáculos, por metro cadrado ou fracción: 0,5 euros ó día
- 5.- Licencias para a ocupación de terreos destinados á instalación de circos, por cada metro cadrado ou fracción: 0,5 euros ó día.
- 6.- Licencias para a ocupación de terreos destinados a instalación de teatros, por cada metro cadrado ou fracción: 0,5 euros ó día.
- 7.- Licencias para a ocupación de terreos destinados á instalación de xeladerías, restaurantes, bares, fondas e similares, por cada metro cadrado ou fracción: 0,5 euros ó día.
- 8.- Licencias para a ocupación de terreos para a venda de bocadillos, hamburguesas, chocolates, churros, refrescos, bebidas,etc, por cada metro cadrado ou fracción: 0,5 euros ó día.
- 9.- Licencias para ocupación de terreos destinados á instalación de postos de venda de xoguetes, cerámica, bixutería, venda de libros, revistas, cintas de música,etc, por cada metro cadrado ou fracción: 0,5 euros ó día.
- 10.- Licencias para a ocupación de terreos destinados a venda de queixos, ovos, patacas, hortalizas, froitas e outros produtos agrícolas, por cada metro cadrado ou fracción: 0,5 euros ó día.
- 11.- Licencia para a ocupación de terreos destinados a venda de ferretería, bazar, menaxe doméstico, textiles confeccións,etc, por cada metro cadrado ou fracción: 0,5 euros ó día.
- 12.- Licencias para a ocupación de terreos destinados ó emprego de altavoces e outros aparatos de megafonía, que se empreguen como reclamos para a captación de clientes por parte dos vendedores instalados no recinto da feira: 9,00 euros cada unidade.
- 13.- Licencias para o emprego de terreos de uso público con apeiros agrícolas de calquera tipo, así como a ocupación de tales terreos con vehículos unidos ós postos de venda, por cada metro cadrado ou fracción: 0,5 euros ó día.
- 14.- Licencias para a ocupación de terreos destinados a venda de polbo, así como ó espazo destinados ó servizo para o consumo destas comidas, por cada metro cadrado ou fracción: 2,00 euros ó día.
- 15.- Licencias para a ocupación de terreos do dominio público, mediante a instalación das caldeiras destinadas a corte e cocción do polbo, tributarán a razón de 9,00 euros cada unha de ditas caldeiras.

Tarifa segunda.

1. Festa do Queixo.

Dado o carácter específico e consuetudinario de dita festa, e a especialidade desta ocupación do dominio público, na determinación do importe desta taxa aplicaranse as seguintes tarifas:

A) Postos de venda de polbo: 75 Euros por metro lineal de ocupación

B) Demáis postos: 12 Euros por metro lineal de ocupación fora do recinto pechado.
6 Euros por metro cadrado de ocupación dentro do recinto pechado.

C) Instalación bar ambulante no recinto do Concerto: 150 Euros.

Nos supostos contemplados nas letras A) e C) anteriores poderanse adxudicar os postos mediante o sistema de poxa, en cuio caso o canon de 75 Euros por metro lineal para o primeiro caso, e 150 Euros para o segundo, terán o carácter de “prezo de saída”, e o importe final da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaiga a adxudicación.

Artigo 7º. Devengo

1.- A taxa devengarase cando se inicie o aproveitamento especial, a cuio efecto enténdese que ese momento coincide co da concesión da licencia, se a mesma foi solicitada.

2.- Cando se producise o aproveitamento especial sen solicitar licencia, o devengo da taxa ten lugar no momento de inicio daquel aproveitamento.

Artigo 8º. Período impositivo

1. Cando a instalación da ocupación de vías públicas mediante os elementos referidos no artigo 1 dure menos dun ano, o período impositivo coincidirá con aquel determinado na licencia municipal.

2. Cando a duración temporal da instalación referida se extenda a varios exercicios, o devengo da taxa terá lugar o 1 de Xaneiro de cada ano, e o período impositivo comprenderá o do ano natural, excepto no suposto de que o inicio e cese no emprego privativo ou aproveitamento especial se conceda ou finalice durante o transcurso do exercicio económico; encuio caso o período impositivo axustarase a esa circunstancia co correspondente prorrateo da cota.

3. Se ñon se autoriza a instalación solicitada, ou por causas non imputables ó suxeto pasivo non se poidan realiza-los aproveitamentos especiais, procederá a devolución da taxa satisfeita.

Artigo 9º. Réxime de declaración e ingreso

1. A taxa esixirase en réxime de ingreso directo, que se fará efectivo ó recaudador ou funcionario que teña encomendada esa función.

2. Expedirase o correspondente ticket ó interesado, ó obxeto de que poida satisfacer-la cota naquel intre.

Disposición transitoria

Con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza, polos Gardas da Policía Local levarase a cabo unha relación detallada, contendo:

A medición dos terreos de uso público, que ven sendo ocupada por cad un dos postos de venda que se ubican no recinto feiral, e nos demáis terreos de dominio público.

Os datos de identificación de cda un dos titulares de tales postos

A actividade que desenrola nesos postos

Cuia relación será aprobada pola Comisión de Goberno, para seguidamente entregala ó Recaudador desta taxa, con vistas a que a partir da primeira feira practique as liquidacións correspondentes en base ós datos contidos na relación aprobada.

Disposición final

A presente Ordenanza fiscal, cuia redacción foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 31 de outubro de 2001, e cuia modificación foi aprobada polo Pleno en sesión plenaria de 30 de decembro de 2003, entrará en vigor o da mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día seguinte ó da publicación no BOP da súa modificación.